



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL**  
**30.07.2019**

**LUGAR:** Sala I do Edificio Miralles - Campus de Vigo

**DATA:** 30.07.2019

**HORA DE COMEZO:** 12:05

**HORA DE REMATE:** 15:10

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Ernesto Pedrosa Silva  
D. Manuel Joaquín Reigosa Roger  
D<sup>a</sup> Raquel María Souto García  
D. José María Martín Moreno  
D. Xoán Cebro Rodríguez  
D<sup>a</sup> Mercedes Castro Mouzo  
D. Jesús Graña Nogueiras  
D<sup>a</sup> María Elvira Larriba Leira  
D<sup>a</sup> Natalia Zunzunegui Garrido  
D. Daniel Barata Quintas  
D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno  
D<sup>a</sup> Ana Isabel Vázquez Reboredo  
D<sup>a</sup> María Elena Añel Cabanelas  
D. Emilio Fernández Zunzunegui  
D. Manuel González Piñeiro  
D. Javier Garrido Valenzuela  
D. Juan Manuel Piñeiro Rivas  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. José María Franco García  
D. Antonio Macho Senra

**ESCUSAN ASISTENCIA**

D. Óscar Moldes Pita  
D. Xosé Manuel Atanes Limia  
D. Francisco Javier Casares Mouriño  
D. César Blanco Gómez  
D. Francisco Gustavo Izquierdo Martínez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> do Carmen Fouces Díaz  
D<sup>a</sup> Yolanda López Fernández

**NON ASISTEN**

D. Miguel Ángel Michinel Álvarez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup> Rosa María Sánchez Gándara

**SECRETARIO**

D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O martes, 30 de xullo de 2019, ás 12:05 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (27.06.2019).
- 2.** Informe do presidente.
- 3.** Informe do Reitor.
- 4.** Novo Grao en Deseño e Creación. Informe que proceda.
- 5.** Creación da Facultade de Deseño e Creación. Informe que proceda.
- 6.** Informe que proceda sobre as propostas de modificación/verificación (consonte acordo do Consello de Goberno do 29 de xullo de 2019), de títulos de Grao, Máster e Doutoramento, para o curso 2020/2021 na UVigo.
- 7.** Informe que proceda sobre a modificación parcial da RPT de PAS laboral.
- 8.** Aprobación, se procede, dos prezos públicos dos Obradoiros a desenvolver no curso 2019/2020, nos Campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.
- 9.** Aprobación, se procede, dos prezos públicos na UVigo, para o curso 2019/2020, por matrículas e distintos servizos de Xestión e Administrativos para o Programa de Maiores e para o Alumnado Visitante Estranxeiro.
- 10.** Aprobación, se procede, da modificación do prezo por gastos administrativos asociados ao procedemento de anulación de matrícula.
- 11.** Aprobación, se procede, da proposta de actualización das tarifas por actividades deportivas correspondentes ao 2019.
- 12.** Memorando de recomendacións que se incorpora ao informe de auditoría de contas da UVigo, correspondente ao exercicio 2018.

*Asuntos aprobados en Consello de Goberno do 26 de xuño de 2019, remitidos ao Consello Social para informe previo e preceptivo consonte os artigos 75.4.e) e 75.4.f) da Lei 6/2013, do Sistema universitario de Galicia.*

- 13.** Acordo que proceda sobre o convenio coa Consellería de Presidencia e a Consellería de Facenda para a cesión á UVigo de espazos no Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra.
- 14.** Informe que proceda sobre a creación do Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procedementos Industriais (CINTECX).
- 15.** Informe que proceda sobre o convenio de colaboración co Ministerio de Defensa para a adscrición á UVigo do Centro Universitario de Defensa, sito na Escola Naval de Marín.
- 16.** Informe que proceda sobre a denuncia do convenio de adscrición á UVigo do Instituto Superior Intercontinental da Empresa (IESIDE).
- 17.** Informe sobre os convenios asinados pola UVigo no mes de xuño de 2019.
- 18.** Rogos e preguntas.

---

*Don Ernesto Pedrosa agradece a asistencia dos presentes, "consciente de que nestas datas require un plus de esforzo e responsabilidade" que recoñece expresamente.*



### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (27.06.2019).*

- ***Apróbase por asentimento.***

### **PUNTO 2**

*Informe do presidente.*

Manifesta don Ernesto Pedrosa que nestes tempos de evolución e novos empregos e perfís profesionais, as modificacións de títulos son unha necesidade e unha garantía do valor da universidade como aliada territorial. Pide que non se esqueza en todo caso a formación en valores e de cidadáns "educados, no sentido máis amplo da palabra".

Recoñece os desencontros e protestas que producen as propostas de cambio, se ben afirma que son apostas obrigadas, "certamente non exentas de incerteza e debate, pero obrigadas". Ao respecto da conta da carta dirixida ao Consello Social polos voceiros dos cinco grupos representados no Concello de Ourense (que se anexará a esta acta), na que solicitan que o Máster en Enxeñaría Aeronáutica se imparta en exclusiva no Campus de Ourense. Manifesta o Presidente que, "sendo conscientes do contexto e do papel que nos corresponde, apoiaremos e defenderemos esa proposta ante quen deberá tomar a decisión final", instando a que a resolución que se adopte nesa instancia posúa "a forza da lóxica e o poder unívoco da convicción".

No tocante a outros asuntos recollidos na Orde do día, pide aos asistentes "visión, horizontes e camiño", ante a obriga de afrontar debates difíciles, controvertidos e incómodos sobre cuestión "que deberemos abordar de forma responsable, serena e sen condicionantes, para avaliar os beneficios e inconvenientes que poden reportar ao interese xeral e á eficiencia do sistema universitario, para así poder decidir en consecuencia".

Remata informando da presentación da Web que alimentará o Observatorio de Egresados promovido polo Consello Social, e do pulo dado pola Conferencia de Consellos Sociais de España aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) que impulsa a ONU no marco da Axenda 2030.

Por último, somete a aprobación unha corrección no listado de remanentes aprobado no punto 12 do pasado pleno, que non afecta aos importes pero si á denominación, debendo dicir Departamento de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Flúidos CO-2018-000865/ CO-0045-18 / 525,00/ Angel Manuel Fernández Vilán/ IT03131H22699, en vez de Departamento de Enxeñaría Eléctrica CO-2018-000865/ CO-0045-18 / 525,00/ Angel Manuel Fernández Vilán/ IT02131H22699, como se recollía.

### **PUNTO 3**

*Informe do Reitor.*

Da conta don Manuel Reigosa dos datos de matrícula para o vindeiro curso, que equipara aos do curso anterior nestas datas e considera satisfactorios, ao tempo que se amosa confiado en que non se perda estudantado cara ao futuro pese á tendencia demográfica. Neste senso informa dos traballos de reformulación dos catro títulos en risco pola baixa matrícula, e informa que, estase tentando poder mantelos mediante alianzas, fórmulas ou moratorias que explica en cada caso.

Sobre a proposta do Grao en Deseño e Creación informa do proceso seguido coa Facultade de Belas Artes, da falta de acordo e dos obxectivos para un título que cualifica como "importante" para Pontevedra e que encaixa perfectamente no Campus Crea.

### **PUNTO 4**

*Novo Grao en Deseño e Creación. Informe que proceda.*

O Reitor desculpa a ausencia do Vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado por unha reunión en Santiago da que se agarda unha solución compensatoria á implantación de Robótica na USC, dentro dun acordo no que se poderían solucionar tamén algúns problemas relacionados da



matrícula. De seguido lembra que a titulación non comezou a impartirse este ano por unha moratoria pedida no seu momento pola Facultade de Belas Artes. Describe as negociacións e os intentos de buscar o entendemento con Belas Artes ata que a Xunta da Facultade rexeitou o Plan de estudos polo que se procedeu a nomear un decano comisario para formar un novo equipo decanal e convocar unha xunta de titulación para modificar e corrixir a memoria xustificativa dos estudos, co obxectivo de que a titulación poida implantarse no curso 2020/2021, subliñando a importancia de cumprir esta data por ser cando pecha o actual mapa de titulacións do SUG. Solicita informe favorable do pleno, se ben expresa que seguirá aberto á posibilidade de que a titulación estea dentro da Facultade de Belas Artes.

- ***O Pleno acorda emitir informe favorable.***

#### **PUNTO 5**

*Creación da Facultade de Deseño e Creación. Informe que proceda.*

Abunda o Reitor en que se afronta un longo proceso que convén iniciar canto antes co inicio do expediente de creación da Facultade. Define o procedemento a seguir e os trámites, e insiste en que esta nova Facultade non tería razón de ser no caso de que houbera acordo en Belas Artes. Tras unha intervención de don Xulio Calviño, o Reitor devén en agradecer as facilidades e a oferta de espazo feita polo Concello de Pontevedra para acoller a titulación.

- ***O Pleno acorda emitir informe favorable.***

#### **PUNTO 6**

*Informe que proceda sobre as propostas de modificación/verificación (consonte acordo do Consello de Goberno do 29 de xullo de 2019), de títulos de Grao, Máster e Doutoramento, para o curso 2020/2021 na Uvigo.*

Don Manuel Reigosa defende e argumenta as propostas de verificación e modificación que se presentan, tanto de Grao como de Máster, dado que en Doutoramento non hai. Pormenoriza en cada caso as circunstancias que concorren, as razón e os obxectivos, resumindo no caso dos Mestrados que as maiores modificacións son técnicas.

O Presidente toma a palabra para dar lectura á carta remitida polos voceiros do Concello de Ourense reclamando exclusividade do Máster en Enxeñaría Aeronáutica. Avoga por pronunciarse neste senso e de xeito rotundo no informe que se remita á Xunta de Galicia. O Reitor declara que non debe haber dúbidas na defensa da exclusividade para o Campus de Ourense, pero pide que non se esqueza que a decisión final "non é nosa" e que hai unas casuísticas no SUG que deben contemplarse, engadindo que no caso de que fose declarado interuniversitario, sería liderado por Ourense e impartido na súa totalidade na Escola. Finalmente adianta que a Consellería de Educación prevé solicitar un informe externo para tomar a decisión, e reitera que se suma á defensa rotunda da exclusividade.

Don Juan Manuel Piñeiro abre unha rolda de intervencións a favor de que o pleno se pronuncie con claridade na defensa da exclusividade. Nesta liña se manifestan dona M<sup>a</sup> Elena Añel, don Daniel Barata e don Manuel González. O Presidente propón que, ademais do informe favorable ao punto, se engada unha declaración expresa do pleno reclamando a exclusividade da titulación para o Campus de Ourense.

- ***O pleno acorda emitir informe favorable aos títulos, e aproba a declaración.***

#### **PUNTO 7**

*Informe que proceda sobre a modificación parcial da RPT de PAS laboral.*

Introducido este punto polo Presidente, a xerente, dona Raquel Souto, explica a modificación consistente na adscrición de tres postos existentes na RPT de PAS laboral á nova Oficina de Proxectos Internacionais da UVigo (OPI), a na atribución do complemento de responsabilidade á categoría de



Técnico especialista de servizos xerais, tendo no primeiro caso un informe positivo do Comité de Empresa de Pontevedra, e no segundo un informe negativo do Comité de Empresa de Pontevedra do PAS laboral porque o traslado aumentará o traballo dos seus actuais compañeiros. A proposta tamén dispón do informe favorable da Xunta de Galicia, porque non comporta aumento da masa salarial nin do límite máximo autorizado do custo de persoal da UVigo.

Pide a palabra don Xan Cebro para anticipar o seu voto en contra polo informe desfavorable do Comité de Empresa de Pontevedra. Rexeita que se amorticen dúas prazas de PAS funcionario para pagar pluses, e pregúntase por que hai que suprimir postos si a UVigo está economicamente ben, medida que non se lle esixe a USC nin á UDC. A xerente matiza que se trata simplemente dun cambio, que en vez de estar nun servizo, están noutro.

Don Xan Cebro e o Vicerreitor de Economía intercambian amplas exposicións, opinións e valoracións cruzadas sobre a situación económica da UVigo, que resolve don José M<sup>a</sup> Martín Moreno logo dun longo argumentario manifestando que "non estou nada preocupado". O Reitor, pola súa banda, pon a salvo a importancia da OPI e os froitos que aportará á investigación.

Co voto en contra de don Xan Cebro, polo informe negativo do Comité de Empresa de Pontevedra, e cas abstencións de dona M<sup>a</sup> Elena Añel e dona Natalia Zunzunegui, por estimar que non dispoñen da información suficiente, ademais de considerar tamén a existencia do informe sindical negativo, no caso da primeira, o Pleno ACORDA:

- **Informar favorablemente.**

*(Xan Cebro abandona a sesión neste intre.)*

#### **PUNTO 8**

*Aprobación, se procede, dos prezos públicos dos Obradoiros a desenvolver no curso 2019/2010, nos Campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.*

Explica o Presidente a presenza deste punto, que habitualmente é tratado na Comisión Executiva pero que se trae a Pleno por razón de calendario. Feita unha observación por don Jesús Graña sobre o procedemento de aprobación deste punto e dos tres seguintes, por entender que non é este o momento de tramitación toda vez que van nos anexos orzamentarios.

- **O Pleno aproba os prezos.**

#### **PUNTO 9**

*Aprobación, se procede, dos prezos públicos na UVigo, para o curso 2019/2020, por matrículas e distintos servizos de Xestión e Administrativos para o Programa de Maiores e para o Alumnado Visitante Estranxeiro.*

Vistos e revisados os prezos e exencións que se presentan, e feitas as aclaracións oportunas respecto das modificacións incorporadas, propónse a aprobación con validez permanente salvo que se produza algunha variación.

- **Apróbese por asentimento.**

#### **PUNTO 10**

*Aprobación, se procede, da modificación do prezo por gastos administrativos asociados ao procedemento de anulación de matrícula.*

- **Apróbese por asentimento.**



### **PUNTO 11**

*Aprobación, se procede, da proposta de actualización das tarifas por actividades deportivas correspondentes ao 2019.*

Vista a detallada e precisa documentación remitida dende a Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, o Presidente fai unha sucinta exposición das distintas casuísticas que se contemplan.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

### **PUNTO 12**

*Memorando de recomendacións que se incorpora ao informe de auditoría de contas da UVigo, correspondente ao exercicio 2018.*

Da conta o Vicerreitor de Economía das tres recomendacións que se recollen no documento, relacionadas con Control Interno, e explica as causas e as solución que se están a aplicar. Don José M<sup>a</sup> Martín aclara unha consulta feita por don Jesús Graña sobre a recomendación de que se demande de FEUGA un maior soporte documental das operacións que xestionan en nome da UVigo, co obxectivo de manter un maior control das mesmas e dos rexistros e saldos contables relacionados por parte da universidade.

- ***O Pleno dáse por informado.***

### **PUNTO 13**

*Acordo que proceda sobre o convenio coa Consellería de Presidencia e a Consellería de Facenda para a cesión á UVigo de espazos no Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra.*

Durante a exposición, o Reitor agradece ao Vicepresidente da Xunta o apoio e o traballo que está a beneficiar ao Campus Crea e á propia cidade de Pontevedra. Subliña don Manuel Reigosa a utilidade do convenio para os fins e a maior presenza da UVigo, e adianta algúns dos usos previstos nas tres plantas cedidas.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

### **PUNTO 14**

*Informe que proceda sobre a creación do Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procedementos Industriais (CINTECX).*

Resume o Reitor que o centro permitirá aproveitar as sinerxias de dez grupos de investigación, nos que traballan 200 persoas, en ámbitos relacionados cos procesos tecnolóxicos e o rendemento enerxético. Dos dez, sete están considerados como grupos de referencia competitiva. Engade que o seguinte obxectivo é que a Xunta o recoñeza como centro de excelencia e de referencia, para acceder a fondos que axuden a mellorar a organización do centro e a potenciar a xestión e a comunicación. Confía en que se dan as condicións para acadar financiamento en Galicia xa este ano.

- ***O Pleno informa favorablemente.***

### **PUNTO 15**

*Informe que proceda sobre o convenio de colaboración co Ministerio de Defensa para a adscrición á UVigo do Centro Universitario de Defensa, sito na Escola Naval de Marín.*

Informa don Manuel Reigosa que, desbotada a idea inicial do Ministerio de agrupar todos os centros da Defensa, mantense unha situación semellante a que había, se ben incorpóranse ao convenio de adscrición algúns cambios normativos que obrigan a fírmalo de novo.

- ***O Pleno informa favorablemente.***



## **PUNTO 16**

*Informe que proceda sobre a denuncia do convenio de adscrición á UVigo do Instituto Superior Intercontinental da Empresa (IESIDE).*

Don Ernesto Pedrosa pide concisión nas intervencións que se produzan e desvincula o debate sobre este punto da posible implantación dunha universidade privada en Galicia. Repasa a normativa que obriga ao Consello Social a pronunciarse, e subliña que os alumnos matriculados non se verán afectados ata concluír os estudos, e advirte que a decisión que se adopte non será irreversible.

O Reitor –que principia agradecendo a M. A. Escotet a franqueza coa que lle anunciou nunha visita a intención de implantar unha universidade privada en Galicia- incide en que do que se está a falar neste punto é soamente do convenio de adscrición. Sinala que a denuncia do convenio – aprobada por unanimidade en Consello de Goberno- xurdiu tras consultar ca Secretaría Xeral de Universidades de Galicia e á vista do que se sinala ao respecto no propio convenio. Afirma non ter outra canle, ante o risco de que puideran chegar a coexistir os títulos da UVigo e os impartidos por unha universidade privada. Cualifica a decisión de precautoria, admitindo que podería haber algunha fricción se se discutise a quen pertencen as dúas titulacións que imparte o centro hoxe adscrito. Manifesta que loitará para que queden na UVigo, se ben confía en que haxa acordos e se negocie, e que esa será a súa disposición, polo que se amosa receptivo durante este ano a volver á situación orixinal “se fose preciso e se desen as circunstancias para que as titulacións se manteñan a través dun centro adscrito”.

Pide a palabra don Javier Garrido para rogar que o Pleno non se manifeste ata que haxa máis información. Considera que a desadscrición semella “extemporánea” cando o procedemento para implantar unha universidade privada tardaría un mínimo de dous anos. Propón que se solicite un informe xurídico antes de calquera pronunciamento, e avoga -de darse o caso- por unha desadscrición pactada e consensuada, para o que ofrece a mediación da CEP. Alerta sobre o risco de que a escola se adscriba a outras universidades, ao tempo que resalta a súa calidade, o prestixio e o alumnado internacional, entre outras fortalezas. Remata solicitando formalmente que se pospoña a decisión, por ter tempo dabondo, “non vexo a urxencia”.

No mesmo senso pronúnciase don Daniel Barata que entende que estase a actuar con excesiva présa. Propón agardar e non romper os vínculos. Defende a prudencia antes de desfacerse dunha titulación “extraordinariamente” valorada “e un dos grandes activos” da UVigo. Pide agardar acontecementos e manter entre tanto unha convivencia coa Fundación, para non correr tampouco o risco de que os dous títulos poidan recalar noutras universidades que estarán á expectativa.

Prodúcese de seguido unha rolda de intervencións na que participan a totalidade dos presentes, na que se abre outra posición compartida por varios asistentes proclives a que se secunde a estratexia da UVigo e o Consello Social se manifeste xa a favor da denuncia.

Tras un intercambio de pareceres, opinión e argumentos, nos que o Reitor amosa certa flexibilidade nos prazos para pronunciarse, detéctase unha maioría suficiente a favor de adiar a decisión, agardar ata ter nova información e un contexto máis acaído. O Presidente recolle as diferentes sensibilidades na proposta dun próximo Pleno no próximo mes para tratar a cuestión, a ser posible con maior coñecemento de causa.

- ***Apróbase por asentimento.***



**PUNTO 17**

*Informe sobre os convenios asinados pola UVigo no mes de xuño de 2019.*

- *O Pleno dáse por informado.*

**PUNTO 18**

*Rogos e preguntas.*

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 15:10 horas do 30 de xullo de 2019, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,  
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias